

1 OURENSE TERMAL ATHLETICS MEETING 2017

O Ourense Termal Athletics Meeting 2017 é un encontro incluído no calendario de competición nacional da Real Federación Española de Atletismo, que se celebra na cidade de Ourense o sábado, 13 de maio de 2017, na pista de Atletismo do Campus de Ourense da Universidade de Vigo.

Organizado e patrocinado pola Deputación Provincial de Ourense, a Vicerreitoría do Campus de Ourense da Universidade de Vigo, o Consello Municipal de Deportes do Concello de Ourense, o Servizo Provincial de Deportes da Xunta de Galicia e coa colaboración do Club Deportivo Aurum e a Delegación en Ourense da Federación Galega de Atletismo.

2 PROGRAMA DE COMPETICIÓN

MASCULINO – AIRE LIBRE

100 m.

200 m.

400 m.

800 m.

1.500 m.

Salto con pértiga

Triplo salto

Lanzamento de peso

FEMININO – AIRE LIBRE

100 m.

100 m. valados

200 m.

400 m.

1.500 m.

Salto con pértiga

Salto de lonxitude

Lanzamento de peso

MASCULINO MENORES – AIRE LIBRE

500 m. BENXAMÍN – ALEVÍN

1.000 m. INFANTIL – CADETE

FEMININO MENORES – AIRE LIBRE

500 m. BENXAMÍN – ALEVÍN

1.000 m. INFANTIL – CADETE

A organización poderá modificar estas probas en función da inscrición.

3 PARTICIPANTES

Atletas con licenza federativa FGA ou RFEA en vigor para a tempada 2016/2017.

Atletas estranxeiros con licenza federativa en vigor e permiso da Federación Nacional correspondente para competir en España.

4 INSCRICIÓN

4.1 *Inscripcións Atletas con licenza FGA ou RFEA*

Os/as atletas con Licenza FGA ou RFEA, realizarán a súa inscrición a través da intranet da RFEA <https://isis.rfea.es/sirfea2/> dende o mércores, 5 de abril de 2017, ata as 20:00 h. do venres, 5 de maio de 2017.

Os/as atletas deberán aportar a súa mellor marca, obtida nas dúas últimas tempadas, na proba que participan para facilitar a organización e confección das series.

4.2 *Inscripcións atletas estranxeiros*

Os/as atletas estranxeiros realizarán a súa inscrición enviando un correo - e a deportes.ourense@depourense.es cos seguintes datos: nome e apelidos, data de nacemento, número de licenza, documento nacional de identidade, club, proba na que participa e mellor marca nesta proba. As inscrición dos/as atletas estranxeiros deberán estar en poder do organizador antes das 20:00 h. do venres, 5 de maio de 2017.

5 ATLETAS ADMITIDOS

5.1 *Criterio de admisión*

Admitiranse os/as atletas que acrediten mellor marca na súa proba ata un máximo de atletas por proba segundo cadro seguinte:

MASCULINO – AIRE LIBRE	Nº MAX. ATLETAS	FEMININO – AIRE LIBRE	Nº MAX. ATLETAS
100 m.	24	100 m.	24
200 m.	24	100 m. valados	16
400 m.	16	200 m.	24
800 m.	16	400 m.	16
1.500 m.	16	1.500 m.	16
Salto con pértiga	8	Salto con pértiga	8
Triplo salto	10	Salto de lonxitude	10
Lanzamento de peso	10	Lanzamento de peso	10

Nas probas de categorías de menores serán admitidos todos os/as atletas inscritos.

A organización resérvase o dereito a modificar estes criterios, de xeito excepcional e para o bo desenvolvemento da competición.

5.2 Listaxe de admitidos/as

Publicarase unha listaxe coa totalidade de atletas admitidos o luns, 8 de maio de 2017, na web: www.ourensemeeting.es

6 CONFIRMACIÓN DE PARTICIPACIÓN E RECOLLIDA DE DORSAIS

Os/as atletas inscritos/as e admitidos/as no Ourense Termal Athletics Meeting 2017 confirmarán a súa participación e recollerán persoalmente o seu dorsal na Secretaría de Competición ata 1 hora antes do inicio da proba na que se atopa inscrito/a.

7 ATLETAS NON PRESENTADOS

Se o/a atleta previamente inscrito/a e admitido/a non participa finalmente no Ourense Termal Athletics Meeting 2017, salvo causa xustificada por escrito á organización, no caso de lesión deberá acreditar xustificante facultativo, a través do correo – e deportes.ourense@depourense.es, con antelación mínima de 48 h., será suspendido de participar no meeting as próximas dúas edicións.

Ós/ás atletas de categorías de menores non lle será aplicada sanción.

8 HORARIO DE COMPETICIÓN

O horario de competición publicarase o luns, 8 de maio de 2017, conxuntamente co listaxe de admitidos.

9 CÁMARA DE CHAMADAS

Todos/as os/as participantes deberán acreditarse na Cámara de Chamadas mediante a súa licenza federativa ou documento oficial con fotografía.

Protocolo de Cámara de Chamadas

PROBA	PRESENTACIÓN	SAÍDA A PISTA
Carreiras lisas	20'	10'
Carreiras valados	25'	15'
Concursos	40'	30'
Salto con pértiga	50'	40'

10 PREMIOS

10.1 Premios Mellores Marcas

Premios para as 8 mellores marcas masculinas e 8 mellores marcas femininas do meeting, segundo táboa IAAF en vigor, acadando un mínimo de 800 puntos.

Non optan a estes premios as probas de promoción de categorías de menores.

A organización resolverá os posibles empates de xeito equitativo.

Os premios de máis de 300€ están suxeitos á correspondente retención do IRPF.

HOMES	MULLERES
1. 500€	1. 500€
2. 300€	2. 300€
3. 250€	3. 250€
4. 200€	4. 200€
5. 150€	5. 150€
6. 100€	6. 100€

7. 100€

7. 100€

8. 100€

8. 100€

Só se contabilizará unha marca por atleta.

10.2 Premio Record de Galicia

Premio de 100€ ós/ás atletas que establezan un novo Record de Galicia absoluto.

Este premio é acumulativo.

10.3 Premios Categorías de Menores

Os/as tres primeiros/as atletas de cada categoría de menores recibirán un agasallo do organizador.

10.4 Protocolo de Premiacións

Para recibir os premios, os/as atletas deberán estar presentes na cerimonia de premiacións que se realizará ó finalizar o meeting. A non asistencia ou impuntualidade á esta cerimonia, conlevará a perda do premio correspondente.

11 IDIOMA

O presente regulamento será traducido ao español, inglés e portugués. En caso de diferenza ou conflito, prevalecerá a versión en galego.

12 NORMATIVA APLICABLE

Para todo o non disposto neste regulamento aplicarase a normativa RFEA e/ou IAAF.